

1. Liberalismo e revolución

A finais do século XVIII e comezos do XIX, en Europa e América producíronse numerosos acontecementos que cambiaron as estruturas políticas, xurídicas e sociais do Antigo Réxime por outras novas inspiradas no liberalismo. Estes cambios coñécense como revolución liberal.

O **liberalismo**, xurdido da reflexión dos ilustrados radicais e inspirado no parlamentarismo inglés, defendeu un novo concepto do poder e da sociedade baseado na liberdade (de aí o seu nome), igualdade xurídica, limitación da autoridade e participación política dos cidadáns fronte ao absolutismo e aos privilexios do Antigo Réxime. En síntese, defende os seguintes principios e institucións:

■ Principios e institucións políticas:

- Dereitos e liberdades individuais e inalienables que o Estado debe protexer.
- Igualdade de todos os individuos ante a lei.
- Limitación do poder político.
- Soberanía da nación como forma de lexitimización do poder.
- División tripartita do poder: executivo, lexislativo, xudicial, e o seu exercicio por institucións diferentes: Goberno, Cortes, Tribunais.
- Participación dos cidadáns no sistema político.
- Institucións representativas da vontade dos cidadáns (Parlamentos ou Cortes) compostas por membros escollidos mediante procesos electorais.
- Unha Constitución, ou lei suprema e fundamental, na que se recollen os principios políticos sobre os que se sustenta o exercicio do poder.
- Leis escritas e organizadas en códigos como medio de garantir o imperio do Dereito.

■ Principios económicos:

- Respecto á propiedade privada individual, considerada como un valor absoluto e a base de toda sociedade.
- Liberdade económica e de empresa baseada na libre iniciativa individual sen intervención do Estado nos asuntos económicos.
- Libre xogo da oferta e da demanda (a lei do mercado) como mecanismo xerador de riqueza e regulador de todas as actividades económicas (produccións, prezos, salarios...).

O liberalismo é a expresión ideolóxica dos intereses da burguesía, convertida no século XIX no grupo hexemónico da sociedade, debido tanto ao desenvolvemento e expansión do comercio e da revolución industrial, como ao triunfo das revolucións políticas liberais.

En **España e Galicia**, o liberalismo espallouse, a partir da década de 1780, entre os grupos ilustrados da sociedade, fundamentalmente entre xentes da administración e dos negocios. Sen embargo, a existencia da

2. A división do liberalismo: moderados, progresistas e demócratas

O triunfo da revolución fronte ao Antigo Réxime converteu ao liberalismo na ideoloxía dominante. Sen embargo, á hora de levar á práctica os seus principios políticos e económicos, existiron fortes diferencias que causaron a súa división en varias tendencias; esta división non foi só ideolóxica, senón que traduciu conflitos de intereses entre os diversos grupos burgueses por controlar o poder político e asegurar a súa hexemonía social. As diferencias xiraron principalmente arredor de cinco aspectos: concreción e definición da lexitimidade e soberanía do poder; a separación e exercicio dese poder; o réxime de dereitos e liberdades, especialmente o dereito ao sufraxio; a cuestión relixiosa; e a forma e organización territorial do Estado. En síntese, pódense distinguir dúas tendencias ou correntes básicas no liberalismo:

■ **Liberalismo doutrinario.** Foi a corrente maioritaria. Xurdiu como reacción ante os excesos revolucionarios e o temor das clases altas a perder a súa posición hexemónica na sociedade ante as demandas populares. Os seus trazos definitorios son:

- **Monarquía constitucional** como forma de Estado e de goberno na que:

- Todas as institucións do Estado, incluída a Coroa, exercen os seus poderes de acordo coa Constitución.
- O poder executivo e a dirección política é exercida polo rei, quen nomea libremente ao seu Goberno (na práctica, *o rei reina e goberna a través dos seus ministros*). O rei pode cesar libremente aos seus ministros, pero estes son responsables da súa actuación ante as Cortes e necesitan tamén da súa confianza para poder gobernar (*sistema da dobre confianza*); en caso de conflito entre o Goberno e as Cortes, o rei pode optar por disolvelas ou por cambiar os ministros.
- A Coroa comparte o poder lexislativo coas Cortes, de modo que as leis xorden da vontade conxunta de ambas institucións.
- Correspóndelle tamén ao rei o dereito de convocatoria, suspensión e disolución das Cortes, o que lle permite actuar de árbitro (*poder moderador*) nas diferencias entre o executivo e lexislativo e manter controladas e subordinadas ás Cortes (en maior ou menor medida de acordo coas atribucións establecidas).

- **Soberanía compartida.** A fonte de todo o poder é a nación; sen embargo, esta identifícase coas súas institucións políticas históricas: a Coroa e as Cortes; segundo esta idea, o rei conxuntamente coas Cortes representan á nación, e exercen e son depositarios da soberanía. Así mesmo, o poder do rei lexitimase non só por ser representante da nación, senón tamén por intervención da providencia divina (*rei pola gracia de Deus e da Constitución*).

- **Restricción da participación política** (*goberno oligárquico*). Os negocios públicos debían ser levados e tratados polos homes máis capaces e intelixentes (*soberanía da intelixencia*). Considerando que

a vontade xeral non se pode coñecer pola simple suma dos intereses particulares de todos os habitantes (cualificada como tiranía do número), o dereito ao sufraxio debe ser restrinxido, disfrutando del unicamente aqueles que posúan un determinado nivel económico ou cultural: sufraxio censatario.

- **Limitación dos dereitos individuais**, que debían estar regulamentos e figurar por escrito con límites precisos no seu exercicio xa que, do contrario, xeran indisciplina e desorde social.
- **Catolicismo de Estado** e restricción da liberdade de cultos.

■ **Liberalismo democrático**. Aínda que a súa formulación teórica é anterior, en España e en Galicia foi a corrente minoritaria do liberalismo. Como principais trazos destacan:

- **Soberanía popular**, principio básico sobre o que se deben asentar todas as institucións políticas. A fonte do poder é a nación pero identificada co pobo, co conxunto de individuos que vivían nela; de acordo con esta idea, o poder deriva única e exclusivamente da vontade, libremente expresada, da maioría dos seus habitantes.
- **Participación popular** nas institucións de poder e de goberno. Como consecuencia da soberanía popular, considérase que todos os individuos teñen dereitos políticos iguais e que, polo tanto, todos eles poden participar co seu voto nas eleccións dos diferentes representantes públicos: sufraxio universal. Así mesmo, considérase que o pobo debe participar na administración da xustiza, mediante a institución do xurado, e na defensa das liberdades e do sistema político, mediante a creación de milicias urbanas e provinciais (a Milicia ou Garda Nacional). O dereito de sufraxio considerábase como un dereito exclusivo de todos os homes (sufraxio universal masculino) para máis adiante ir recoñecendo esta posibilidade tamén ás mulleres.
- **Dereitos e liberdades inalienables e inherentes á natureza humana** e que, polo tanto, non debe existir ningunha restricción no seu exercicio, agás o respecto ás leis xerais; para garantir o seu exercicio debían constar explicitamente, e o máis amplamente posible, na Constitución. Especial relevancia e recoñecemento deben ter a liberdade de expresión e os dereitos de reunión e asociación.
- **Liberdade de cultos** e separación da Igrexa e o Estado.
- **Ríxida separación de poderes**. Partindo do principio da división tripartita do poder, cada un deles debe ser exercido por institucións diferentes, todas elas suxeitas a limitacións xurídicas e responsables das súas actuacións ante os tribunais de xustiza (Estado de Dereito). O poder lexislativo está reservado en exclusiva para as Cortes ou Parlamento. En canto ao poder executivo, existen dúas modalidades diferentes: pode ser exercido por un rei ou por un presidente da república.
- **Libre alternancia política** no goberno froito da vontade popular (goberno democrático).

LIBERALISMO DOUTRINARIO

- Soberanía compartida
- Sufraxio censatario
- Restricción das liberdades
- Oficialidade do catolicismo
- Poderes compartidos
- Parlamento bicameral: Cortes, Senado
- Tribunais sen xurado
- Goberno oligárquico
- Monarquía constitucional doutrinaria
- Estado unitario
- Centralización
- Nomeamento dos alcaldes polo goberno
- Garda Civil
- Propiedade privada sen limitacións
- Insolidariedade coas masas
- Proteccionismo
- Apoio dos notables e da alta burguesía

LIBERALISMO DEMOCRÁTICO

- Soberanía popular
- Sufraxio universal
- Dereitos e liberdades amplos
- Liberdade de cultos
- Rixida separación de poderes
- Parlamento unicameral. Cortes
- Tribunais con xurado
- Goberno democrático
- Monarquía ou república democrática
- Estado unitario ou federal
- Descentralización
- Elección popular dos alcaldes
- Milicia nacional
- Propiedade privada
- Tentativas de débiles reformas sociais
- Libre cambismo
- Apoio das clases medias

Estes principios, en maior ou menor medida, foron asumidos e mesturados polas diferentes elites e clases burguesas existentes en España e Galicia. Os seus diversos intereses socio-económicos e políticos deron orixe á formación e desenvolvemento de distintos grupos e partidos políticos que sufriron variadas transformacións ao longo do tempo. En liñas xerais, pódense distinguir tres grandes familias políticas liberais: os moderados, os progresistas e os demócratas (estes á súa vez divididos en monárquicos e republicanos).